




TIRESIA

Francia | 2003 | 115 min | Drama

DIRECTOR Bertrand Bonello

GUIÓN Bertrand Bonello, Luca Fazzi

INTÉRPRETES Laurent Lucas, Clara Choveaux, Thiago Telès, Célia Catalifo, Lou Castel, Alex Descas, Fred Ulysse, Stella, Marcelo Novais Teles, Olivier Torres, Isabelle Ungaro, Abel Nataf

SINOPSE Tiresia (Clara Choveaux) é un transexual brasileiro dunha beleza increíble que vive como inmigrante ilegal co seu irmán, Terranova (Laurent Lucas), nun suburbio de París. Terranova é un esteticista que observa a Tiresia coma se se tratase dunha rosa perfecta e acaba por secuestrala para apoderarse dela. Tiresia, ao non poder acceder á súa dose de hormonas diarias, vaise transformando aos poucos diante dos ollos do seu raptor que, decepcionado, a deixa cega e que a abandona nun descampado. Alí atópaa Anna, que se fará cargo dela e que a axudará a recuperarse.

Ao finalizar o relato, unha paz interior inunda o protagonista de Orlando. Transcorridos uns cantos séculos, alleo á barreira do tempo, o rostro de Orlando transmite a placidez de quen se atopou a si mesma. Unha imaxe extática que contén unha revelación: talvez a nosa falta de plenitude sexa esa, que o noso paso polo mundo suceda baixo un só sexo, como homes ou como mulleres, e por iso, a diferenza de Orlando, nunca cheguemos a descubrir quen somos. En *Satyricon* (1968), de Federico Fellini, o hermafroditismo aparece tamén asociado a unha condición superior. En palabras dun personaxe que lle implora: “Criatura de Afrodita e Mercurio, Hermafrodita. Suplícote, semideus. É o meu único fillo. Non permitas que morra. Está enfermo, o pobre neno está tan enfermo que non puiden traelo aquí, pero ti podes salvalo”. Na mitoloxía Grega, con todo, Tiresias cambia de sexo por unha maldición. Despois de ver copular dúas serpes e matar a femia, é convertido en muller. E máis tarde, cando é un encordio —xa procreou fillos, formou unha familia—, devólvenlle a súa condición de home. Tamén a protagonista do filme de Bertrand Bonello, unha transexual brasileira, asocia a súa loita, a súa procura dunha identidade corporal, cun castigo, sofre a inevitable marxinação: “Convertinme en muller, e logo en prostituta. Os nenos que se transforman en mulleres, convértense en prostitutas”.

Pero debemos distinguir o personaxe cinematográfico do mito. Se unha letra separa o Tiresia de Bonello do Tiresias grego, é porque, a diferenza do mito, no primeiro hai unha convivencia sostida de ambos os sexos. O corpo mantén a súa singularidade, non se escinde, senón que sofre unha mutación forzosa. Ao deixar de consumir hormonas, a flor artificial murcha, e o personaxe transexual recupera o seu aspecto de home. O personaxe cambia, pero Bertrand

Bonello aspira a unha mutación superior: quere alterar a nosa condición de espectadores. Acomodados no relato, despois de sermos cómplices do protagonista, da súa plenitude sexual (gozando como home e muller no medio de dous amantes), o seu conflito (o secuestro), o cineasta xera unha crise violenta, golpéanos cun trágico atentado á nosa mirada. Unha agresión non moi distinta á que Luis Buñuel e Salvador Dalí nos brindaban en *Le Chien andalou*. E a cita cinéfila continúa. Como na obra do cineasta aragonés, pérdese unha lectura racional do relato: aquí 1+1 equivale a 1, así como 1 vale por 2. Do mesmo xeito que *Ese oscuro objeto del deseo*, Bonello utiliza dúas persoas, unha actriz e un actor, para interpretar ao protagonista. E ao contrario, un mesmo actor encarna dous personaxes: o secuestrador e o cura. No primeiro caso, Tiresia pasa de ser unha actriz que mira un actor que adiviña. No segundo, o secuestrador e o cura asumen para Tiresia o papel dun pai, dun creador. Tratemos de entendelos pois, máis aló de resultar incomprensibles, engaden unha lectura relixiosa que atravesará gran parte do filme. As súas divagacións floridas expresan a idea de substituír a Deus. Por pecaminoso que soe, para o ser humano, o orixinal é vulgar, a copia é perfecta. Ao principio, Deus crea o mundo. Un concepto amorfo, imperfecto, inaprensible, que nos supera. Sen principio, nin fin. Sen testemuñas. Nós só somos parte de cousas que seguirán o seu curso. E ante esa impotencia, esa visión pesimista dun Deus creador dun mundo que nos supera, queda polo menos a posibilidade de sentírmonos partícipes e transformalo.

Daniel Gascó





SINOPSIS Tiresia (Clara Choveaux) es un transexual brasileño de una belleza increíble, que vive como inmigrante ilegal con su hermano, Terranova (Laurent Lucas), en un suburbio de París. Terranova es un esteticista que observa a Tiresia como si se tratara de una rosa perfecta y acaba secuestrándola para adueñarse de ella. Tiresia, al no poder acceder a su dosis de hormonas diarias, se va transformando poco a poco ante la mirada de su raptor que, decepcionado, la deja ciega y

la abandona en un descampado. Allí la encuentra Anna, que se hará cargo de ella y la ayudará a recuperarse.

—

Al finalizar el relato, una paz interior embarga al protagonista de *Orlando*. Transcurridos unos cuantos siglos, ajeno a la barrera del tiempo, el rostro de Orlando transmite la placidez de quien se ha encontrado a sí misma. Una imagen extática que contiene una revelación: quizá nuestra falta de plenitud sea esa, que nuestro paso por el mundo suceda bajo un solo sexo, como hombres o como mujeres, y por ello, a diferencia de Orlando, nunca lleguemos a descubrir quiénes somos. En *Satyricon* (1968), de Federico Fellini, el hermafroditismo aparece también asociado a una condición superior. En palabras de un personaje que le implora: “Criatura de Afrodita y Mercurio, Hermafrodita. Te suplico, semidiós. Es mi único hijo. No permitas que muera. Está enfermo, el pobre niño está tan enfermo que no pude traerlo aquí, pero tú puedes salvarlo”. En la mitología Griega, sin embargo, Tiresias cambia de sexo por una maldición. Después de ver copular a dos serpientes y matar a la hembra, es convertido en mujer. Y más tarde, cuando es un incordio —ya ha engendrado hijos, ha formado una familia—, le devuelven su condición de hombre. También la protagonista del film de Bertrand Bonello, una transexual brasileña, asocia su lucha, su búsqueda de una identidad corporal, con un castigo, sufre la inevitable marginación: “Me convertí en mujer, y luego en prostituta. Los niños que se transforman en mujeres, se convierten en prostitutas”.

Pero debemos distinguir el personaje cinematográfico del mito. Si una letra separa el *Tiresia* de Bonello del *Tiresias* griego, es porque, a diferencia del mito, en el primero hay una convivencia sostenida de ambos sexos. El cuerpo mantiene su singularidad, no se escinde, sino que sufre una mutación forzosa. Al dejar de consumir hormonas, la flor artificial se marchita, y el personaje transexual recupera su aspecto de hombre. El personaje cambia, pero Bertrand Bonello aspira a una mutación superior: quiere alterar nuestra condición de espectadores. Acomodados en el relato, después de ser cómplices del protagonista, de su plenitud sexual (gozando como hombre y mujer en medio de dos amantes), su conflicto (el secuestro), el cineasta genera una crisis violenta, nos golpea con un trágico atentado a nuestra mirada. Una agresión no muy distinta a la que Luis Buñuel y Salvador Dalí nos brindaban en *Le Chien andalou*. Y la cita cinéfila continúa. Como en la obra del cineasta aragonés, se pierde una lectura racional del relato: aquí 1+1 equivale a 1, así como 1 vale por 2. Del mismo modo que *Ese oscuro objeto del deseo*, Bonello utiliza dos personas, una actriz y un actor, para interpretar al protagonista. Y al contrario, un mismo actor encarna a dos personajes: el secuestrador y el cura. En el primer caso, Tiresia pasa de ser una actriz que mira a un actor que adivina. En el segundo, secuestrador y cura asumen para Tiresia el papel de un padre, un creador. Tratemos de entenderlos pues, más allá de resultar incomprensibles, añaden una lectura religiosa que atraviesa gran parte del film. Sus divagaciones florales expresan la idea de sustituir a Dios. Por pecaminoso que suene, para el ser humano, lo original es vulgar, la copia es perfecta. Al principio, Dios crea el mundo. Un concepto amorfo, imperfecto, inasible, que nos supera. Sin principio, ni fin. Sin testigos. Nosotros solo somos parte de cosas que seguirán su curso. Y ante esa impotencia, esa visión pesimista de un Dios creador de un mundo que nos rebasa, queda al menos la posibilidad de sentirnos partícipes y transformarlo.

Daniel Gascó

